

**Disposición derogatoria**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto no presente decreto e, en especial:

—Decreto 165/1982, do 7 de novembro, polo que se integran as estacións de inspección técnica de vehículos na rede de estacións de inspección técnica de vehículos de Galicia, e se fixa o seu réxime de explotación.

—Decreto 6/1991, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o artigo 5 do Decreto 165/1982, do 7 de novembro, polo que se integran as estacións de inspección técnica de vehículos de Galicia e se fixa o seu réxime de explotación.

—Orde do 16 de febreiro de 1987 pola que se aproba o Regulamento sobre organización e réxime xurídico do servizo público de inspección técnica de vehículos de Galicia.

—Orde do 16 de xaneiro de 1991 pola que se modifican os artigos 1 e 12 da Orde do 16 de febreiro de 1987 da Consellería de Traballo, Industria e Turismo, pola que se aproba o Regulamento sobre organización e réxime xurídico do servizo público de inspección técnica de vehículos de Galicia.

—Orde do 8 de novembro de 1991 pola que se adxudican determinadas funcións de inspección, dentro do ámbito de seguridade dos vehículos automóbiles, á entidade concesionaria de ITV.

**Disposicións derradeiras**

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Industria e Comercio para que dicte as disposicións necesarias para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Antonio Couceiro Méndez  
Conselleiro de Industria e Comercio

*Decreto 206/1994, do 16 de xuño, polo que se adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos e dos seus equipos e compoñentes.*

A protección dos consumidores e usuarios constitúe hoxe en día unha preocupación constante dos poderes públicos, plasmada no artigo 51 da Constitución. A Comunidade Autónoma galega asumiu competencias exclusivas en materia de defensa do consumidor e usuario, recoñecidas expresamente no artigo 30.I, parágrafo

cuarto, do Estatuto de autonomía de Galicia, o que supón, en definitiva, o exercicio de funcións legislativas e executivas.

No plano legislativo debemos sinalar a existencia do Estatuto galego do consumidor e usuario, aprobado pola Lei do Parlamento galego do 28 de decembro de 1984, que vén deseñar-lo marco legislativo no que debe encadrarse a política de consumo.

Recoñece o estatuto os diferentes dereitos dos consumidores e usuarios, ó mesmo tempo que dispón a adopción das medidas oportunas respecto á debida atención dos servizos de reparación e mantemento para a seguridade física das persoas, a defensa dos seus intereses económicos e a reparación de danos e perdas.

Correspóndelle, pois, á Comunidade Autónoma galega regular a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos automóbiles, así como dos seus equipos e compoñentes.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de xuño de mil novecentos noventa e catro,

**DISPOÑO:****TÍTULO PRELIMINAR****Ámbito de aplicación**

Artigo 1º —Obxecto.

Este decreto ten por obxecto regular, no ámbito territorial de Galicia, a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipos e compoñentes.

Para os efectos deste decreto, entenderase por vehículo automóbil todo artefacto ou aparello capaz de circular polas vías públicas que, dotado de medios de propulsión propios e independentes do exterior, circula sen raís, destinado tanto ó transporte de persoas, de cousas ou mercadorías como ó arrastre doutros vehículos. Para os ditos efectos, entenderanse incluídos, así mesmo, as motocicletas, ciclomotores, remolques e vehículos articulados definidos no Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos con motor e seguridade vial (de agora en adiante, Código de Circulación).

**TÍTULO I****Concepto e clasificación**

Artigo 2º —Concepto de talleres.

Para os efectos deste decreto, entenderanse por talleres de reparación de vehículos e dos seus equipos e compoñentes aqueles establecementos industriais nos que se efectúen operacións encamiñadas á restitución das condicións normais do estado e funcionamento de

vehículos automóbiles ou de equipos e compoñentes destes nos que se poñan de manifesto alteracións nas ditas condicións con posterioridade ó termo da súa fabricación.

Por extensión, esta normativa afectará tamén a actividade complementaria de instalación de accesorios en vehículos automóbiles con posterioridade ó termo da súa fabricación e que sexan compatibles coas regulamentacións vixentes en materia de seguridade e consumo.

#### Artigo 3º — Clasificación dos talleres.

Os talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipos e compoñentes clasificaranse en:

1. Pola súa relación cos fabricantes de vehículos de equipos e compoñentes:

a) Talleres xenéricos ou independentes. Os que non están vinculados a ningunha marca que implique especial tratamento ou responsabilidade acreditada por aquela.

b) Talleres de marcas oficiais. Os que están vinculados por convenio escrito ás empresas fabricantes de vehículos automóbiles ou de equipos compoñentes, nacionais ou estranxeiros, nos termos que se establezan no citado convenio.

c) Talleres de servizo propio. Os que dedican a súa actividade á reparación exclusiva dos vehículos da propia empresa.

2. Pola súa rama de actividade:

a) De mecánica. Son os que realizan traballos de reparación ou substitución no sistema mecánico do vehículo, incluídas as súas estruturas portantes, equipos e elementos auxiliares, agás o equipo eléctrico.

b) De electricidade. Son os que realizan traballos de reparación ou substitución do equipo eléctrico do automóbil, tanto básico do equipo motor como os auxiliares das luces, sinalización, acondicionamento e instrumental de indicación e control.

c) De carrocerías. Son os que realizan traballos de reparación ou substitución nos elementos de carrocería, gornición e acondicionamento interior e exterior deles.

d) De pintura. Son os que realizan traballos de pintura, revestimento e acabado de carrocerías.

e) De reparación xeral. Son os que realizan traballos correspondentes a todas ou a varias actividades das descritas anteriormente.

3. Talleres especializados: son os que efectúan traballos limitados a actividades de instalación, reparación ou substitución sobre determinados equipos ou sistemas do vehículo.

4. Talleres de reparación de motocicletas: son os que realizan traballos de instalación, reparación ou substitución en vehículos con motor de dúas ou tres rodas ou similares.

5. A Dirección Xeral de Industria, por instancia do interesado ou das asociacións de talleres, poderá autorizar especialidades, logo do informe dos servizos técnicos da delegación provincial de Industria. Na resolución de autorización fixarase o equipamento mínimo e o distintivo adecuado.

## TÍTULO II

### Condicións e requisitos da actividade industrial

Artigo 4º — Instalación, ampliación e traslado de talleres.

1. A instalación dos novos talleres de reparación de vehículos automóbiles e a ampliación e traslado dos existentes axustaranse ó procedemento establecido no Decreto 254/1983, do 15 de decembro, sobre réxime administrativo de instalación, ampliación e traslado de industrias, e tramitaranse as correspondentes autorizacións e inscricións nas delegacións provinciais da Consellería de Industria e Comercio. Todo isto sen prexuízo das licencias ou autorizacións municipais que sexan preceptivas.

2. A documentación necesaria para a inscrición de novos talleres ou a ampliación ou traslado dos existentes será a seguinte:

a) Proxecto técnico da instalación formado pola memoria, planos e orzamentos, redactado e asinado polo técnico competente e visado polo correspondente colexio oficial.

b) Relación de postos de traballo, titulación técnica e titulación ou certificación de carácter profesional ou laboral deles na que constará, polo menos, unha persoa vinculada ó taller, contratada a xornada completa e responsable técnico que terá, como mínimo, titulación de formación profesional de segundo grao de calquera rama relacionada co sector do automóbil.

c) Estudio técnico que inclúa, polo menos, unha relación detallada dos diversos traballos e servizos que poderá presta-lo taller, xustificando tanto pola maquinaria que se vai instalar como polo persoal técnico e especializado de que dispoña.

d) Autorización escrita do fabricante nacional ou do representante legal do fabricante estranxeiro, no caso de tratarse dos talleres de marcas oficiais a que se refire o artigo 3º.

3. Os talleres deberán te-lo equipamento expresado nos seus proxectos técnicos, cuns mínimos necesarios que, segundo as ramas de actividade e especialidade, se axustarán ó disposto no anexo I deste decreto.

4. A actividade de asistencia mecánica en estrada por medios propios ou por colaboración de terceiros só poderá realizarse como servizo dependente dun taller legalmente inscrito. En todo caso o taller inscrito será responsable da calidade da reparación e do cumprimento da normativa vixente.

**Artigo 5º —Placa distintiva.**

1. Os talleres clasificados colocarán na fachada do edificio e nun lugar facilmente visible desde o exterior a placa distintiva que lles corresponda, segundo o sinalado no anexo II do presente decreto.

2. A placa distintiva, que se axustará ó modelo sinalado no anexo II, estará composta por unha placa metálica, cadrada, de 480 milímetros de lado, cos seus catro vértices redondeados e fondo de cor azul.

3. De arriba a abaixo a placa estará dividida en tres espazos ou franxas desiguais coas dimensións sinaladas no anexo II, destinadas:

—A primeira, ou máis alta, ás ramas de actividade.

—A segunda, ou intermedia, ás especialidades, as cales se diferenciarán mediante distintivo adecuado.

—A terceira, ou máis baixa, ás siglas da provincia de localización do taller, ó contraste e ó número correspondente no Rexistro Industrial e, se é o caso, no Rexistro Especial.

**Artigo 6º —Características da placa distintiva.**

1. Para cada unha das ramas de mecánica, electricidade, carrocería ou pintura do automóbil estableceranse os símbolos que se indican no anexo II deste decreto, que consisten nunha chave inglesa, unha frecha crebada, un martelo e unha pistola de pintar, respectivamente, en cor azul sobre fondo branco.

2. A parte superior da placa distintiva estará dividida en catro rectángulos verticais separados entre si, destinados a cada un dos símbolos representativos das catro ramas de actividade ás que poidan dedicarse os talleres. Na placa distintiva de cada taller incluíranse, nos respectivos rectángulos, os símbolos correspondentes á súa actividade e quedarán baleiros os restantes espazos.

3. A parte segunda, ou intermedia, da placa distintiva está dividida, pola súa vez e pola súa metade, en dous rectángulos horizontais. O rectángulo da esquerda (esquerda do espectador ou dereita da placa) quedará reservado para os respectivos contrasinais dos centros de diagnóstico e outras especialidades, de acordo co que se estableza no seu momento. O rectángulo da dereita (dereita do espectador ou esquerda da placa) estará destinado ó símbolo correspondente ó taller de reparación de motocicletas.

4. O espazo inferior, ou terceira parte, na que se divide a placa distintiva, estará pola súa vez subdividido en tres zonas diferenciadas:

—A da esquerda (do espectador), destinada ás siglas da correspondente provincia.

—A central, destinada ó contraste, que será estampada polo órgano competente e debaixo do guión.

—A da dereita (do espectador), destinada a estampar-lo número de inscrición no Rexistro Industrial e, se é o caso, no Rexistro Especial.

**Artigo 7º —Exhibición de referencias a marcas.**

No caso dos talleres non clasificados como oficiais de marca de acordo co previsto no artigo 3º, queda prohibida, tanto no exterior como no interior do taller, a exhibición de referencias a marcas que poidan induci-lo usuario a confusión ou erro.

**Artigo 8º —Pezas de reposto.**

1. As pezas de reposto deberán levar fixada de maneira lexible e indeleble a marca do fabricante e o contrasinal de homologación no caso de que sexa obrigatoria. O material pequeno (arandelas, pasadores, etc.) que pola súa configuración ou tamaño non permita fixar sobre el a marca do fabricante, deberá identificarse pola súa marca fixada en etiquetas, marcas de recoñecemento ou no estoxo ou paquete que o contén.

2. De acordo coa súa procedencia clasifícanse en:

a) Orixinais de marca. Son as pezas, equipos ou conxuntos subministrados polo fabricante do vehículo.

b) De marca. Son as pezas, equipos ou elementos fabricados por empresas especializadas.

c) Pezas, equipos ou conxuntos reconstruídos ou recondicionados. Son os repostos descritos nos apartados a) e b) que foron reparados polos mesmos fabricantes, por servizos autorizados por estes ou por industrias especializadas autorizadas legalmente.

d) Pezas, equipos ou conxuntos usados ou non específicos do modelo de vehículo que se vai reparar.

**Artigo 9º —Utilización das pezas de reposto.**

1. Tódalas pezas que os talleres utilicen nas súas reparacións, xa sexan «orixinais de marca» ou «de marca» deberán ser novas e adecuadas ó modelo de vehículo obxecto de reparación, coas seguintes excepcións:

a) Poderanse utilizar as pezas, equipos ou conxuntos reconstruídos ou recondicionados polos fabricantes, polos servizos autorizados por estes ou por industrias especializadas autorizadas expresamente pola Administración, sempre que o cliente preste a súa conformidade previa por escrito e o taller se responsabilice tamén por escrito de que tales pezas ou conxuntos se atopan en bo estado e ofrecen suficiente garantía.

b) Así mesmo, e logo de conformidade por escrito do cliente, poderanse utilizar pezas usadas ou non específicas do modelo de vehículo que se vai reparar sempre que o taller se responsabilice por escrito do bo estado das pezas e da súa adaptación ó vehículo, nos casos seguintes:

—Por razón de urxencia xustificada.

—Por tratarse de elementos de modelos que se deixaron de fabricar e que xa non figuran nas existencias normais dos almacéns de reposto.

—Por calquera outra razón aceptada polo usuario, sempre e cando non afecte a elementos activos ou conxuntos dos sistemas de freada, suspensión e dirección de vehículo.

2. Quédalles prohibido a tódolos talleres, sexa cal fose a súa clasificación, instalar, reformar ou substituír nos vehículos automóbiles pezas, elementos ou conxuntos non permitidos polo disposto no Código da Circulación.

3. O taller que efectúe a reparación estará obrigado a lle presentar ó cliente e entregarlle ó seu termo, salvo renuncia expresa deste, as pezas, elementos ou conxuntos que sexan substituídos.

4. Tódolos talleres estarán obrigados a ter á disposición do público xustificación documental que acredite a orixe e prezo dos repostos utilizados nas reparacións.

5. Queda prohibida toda substitución innecesaria das pezas cando isto supoña un incremento de custo para o usuario ou unha posible degradación do vehículo.

### TÍTULO III

#### Centro de diagnose e dictames técnicos

##### Artigo 10º —Centro de diagnose.

1. Os centros de diagnose con fins distintos ós talleres de reparación complementarían e axudarían á actividade de reparación de vehículos automóbiles, de acordo coa maior efectividade e racionalización e co fin de realizar controles de calidade das reparacións e instalacións realizadas neles, tanto na súa estrutura como nos seu equipos, sistemas, partes e compoñentes.

2. Os centros de diagnose contarán cos medios materiais e profesionais necesarios en relación co tipo de informes técnicos que deban emitir.

3. As funcións, características, requisitos e disposicións relativas ós centros de diagnose especificaranse nas normas de desenvolvemento deste decreto.

##### Artigo 11º —Dictames técnicos.

1. Na tramitación dos expedientes sancionadores a talleres de reparación de vehículos automóbiles iniciados tanto por instancia de parte como de oficio, a Administración, co fin de determinar as responsabilidades que correspondan, poderá solicitar informes das asociacións provinciais de talleres de reparación de vehículos e da federación galega, así como das asociacións de consumidores e usuarios e doutras persoas ou entidades que considere oportunas.

2. Na tramitación dos expedientes poderanse utilizar como probas orientativas da adecuada facturación de tódolos talleres, e non só dos talleres oficiais de marca, as táboas de tempo de traballos ás que fai referencia no artigo 14º deste decreto, así como calquera outra documentación que considere oportuna o seu instructor.

##### Artigo 12º —Información ó usuario.

1. Tódolos talleres estarán obrigados a exhibir ó público, de forma perfectamente visible e con caracteres dun tamaño non inferior a sete milímetros:

a) Os prezos aplicables por hora de traballo e por servizos concretos. Igualmente exhibiranse os prezos doutros servizos, tales como os que se realicen fóra da xor-

nada laboral do taller, por servizos móbiles propios ou gastos diarios de estancia.

Os prezos deberán incluír todo tipo de impostos, cargas ou gravames, con mención explícita e diferenciada da parte do prezo que corresponde a cada un destes conceptos.

b) Lendas que especifiquen o seguinte:

«Todo usuario ten dereito a orzamento escrito previo ás reparacións ou servizos que solicite».

«Tódalas reparacións ou instalacións estarán garantidas por tres meses ou 2.000 quilómetros (agás as de vehículos industriais e ciclomotores ou motocicletas ata unha cilindrada de 125 cc incluída, para as que será de quince días), nas condicións especificadas no artigo 16º do Decreto 206/1994, do 16 de xuño, polo que se adapta a normativa vixente en materia de prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos, dos seus equipos e compoñentes».

«Este establecemento dispón de follas de reclamación ó dispor do cliente. As reclamacións deberanse efectuar perante as autoridades competentes en materia de consumo».

2. Os talleres deberán exhibir de maneira perfectamente visible desde o exterior un cartel informativo do horario de prestación dos servizos ó público, tanto dos servizos usuais como dos especiais, cando existan.

3. Os talleres oficiais de marca terán, ademais, ó dispor do público en todo momento os catálogos e tarifas, actualizados, das pezas que utilicen nas súas reparacións; tamén terán ó dispor do público as táboas do tempo de traballo e o seu sistema de valoración en pesetas, para aquelas operacións susceptibles de determinación previa, que lles serán facilitadas a estes talleres polo fabricante nacional ou polo representante legal do fabricante estranxeiro.

4. Non poderán incluírse nos resgardos, orzamentos, facturas ou calquera outra documentación que emitan os talleres, cláusulas que afecten os dereitos dos usuarios en tamaño de letra inferior a 1,5 milímetros de altura.

5. A folla de reclamacións a que se refire o presente artigo deberá confeccionarse de acordo co establecido no anexo III deste decreto.

##### Artigo 13º —Dereito de admisión.

1. Os talleres atenderán ó público nos seus establecementos sempre que as peticións se presenten dentro do horario establecido para o efecto.

2. Os servizos cubertos por garantía non deberán sufrir ningunha postergación.

3. Os talleres oficiais de marca poderán reserva-lo dereito de admisión dos vehículos doutras marcas que non sexan a súa representada.

4. Excepcionalmente, cando o importe da reparación orzada supere o valor real do vehículo ou se pola súa tecnoloxía específica o taller non dispón de medios ade-

cuados para efectuar a reparación coa debida garantía, o taller poderá reserva-lo dereito de efectuar a reparación.

5. Os talleres de servizo propio, dadas as especiais circunstancias da súa actividade de reparación dos seus propios vehículos, non estarán afectados polo disposto neste artigo.

#### Artigo 14º —Orzamento e resguardo de depósito.

1. Todo usuario ou quen actúe no seu nome terá dereito a un orzamento escrito. Este orzamento terá unha validez mínima de doce días hábiles.

2. No orzamento deberá constar:

a) O número de taller no Rexistro Industrial ou, se é o caso, no Rexistro Especial, así como a súa identificación fiscal e domicilio.

b) O nome e o domicilio do usuario e mailo número do seu DNI ou CIF.

c) A identificación do vehículo, con expresión de marca, modelo, matrícula e número de quilómetros contabilizados.

d) As reparacións que se van efectuar, os elementos que teñan que ser reparados ou substituídos e, se procede, calquera outra actividade con indicación do prezo total desagregado que teña que satisfacerlo usuario.

e) A data e sinatura do prestador do servizo.

f) A data prevista de entrega do vehículo xa reparado, a partir da aceptación do orzamento.

g) Indicación do tempo de validez do orzamento.

h) Espacio reservado para a data e maila sinatura de aceptación por parte do usuario.

3. a) Só poderá cobrarse a confección do orzamento cando o cliente non realice seguidamente a reparación no taller no que foi elaborado e se fixese constar previamente no resguardo de depósito os traballos necesarios para a súa elaboración e o prezo estimado deles.

b) Salvo que se xustifique de xeito indubidable a necesidade de empregar maior cantidade de tempo e ser advirta tal circunstancia ó cliente, o custo do orzamento non poderá ser superior ó resultado de multiplicar o prezo da hora de traballo anunciada no taller polo número de horas establecido polas distintas marcas ou polos seus talleres oficiais, nas táboas de tempos de traballo para a realización das operacións que sexan razoablemente necesarias para diagnosticar a avaría e repoñer-lo vehículo en condicións análogas ás que teña cando foi entregado. A dita cantidade poderá ser incrementada polos impostos e gravames que sexan legalmente repercutibles, así como o prezo de venda ó público daqueles materiais que fose necesario resituír para deixar-lo vehículo nas condicións iniciais no que foi entregado ó taller.

c) Se o taller decidise cobrarlle ó cliente a confección do orzamento, ó facerlle entrega deste deberá facer constar nel as operacións que sexan necesarias para

detectar a avaría, así como o prezo que deberá pagar por cada unha delas.

d) Toda renuncia á confección do orzamento deberá facerse constar de forma expresa no resguardo do depósito, ben coa frase «renuncio ó orzamento» ou con outra similar escrita de puño e letra do cliente e a sinatura, ben facendo figurar no dito documento, en recadro á parte onde deberá estampar a sinatura o usuario do servizo, en letras maiúsculas impresas de 3 mm de altura a frase única: «o cliente renuncia á confección do orzamento».

4. Só poderá procederse á prestación do servizo unha vez que o usuario ou persoa autorizada conceda a súa conformidade mediante a sinatura do orzamento ou renuncie de xeito indubidable á súa elaboración. A aceptación do orzamento de reparación mediante a sinatura do usuario comporta:

a) A autorización para proceder á prestación do servizo nos termos especificados.

b) A autorización da proba do vehículo, se procede.

c) O pagamento por parte do usuario da cantidade orzada polo taller, contra a entrega da factura e do recibo correspondente.

5. As avarías ou defectos non previstos ou non orzados que eventualmente poidan aparecer durante a reparación do vehículo deberanse poñer no coñecemento do usuario o máis axiña posible con expresión do seu importe, e só logo da conformidade expresa deste poderá realizarse a reparación.

Se transcorrido un prazo de 48 horas hábiles desde a comunicación fidedigna de avarías ou defectos ocultos non previstos no orzamento o usuario non resolve en consecuencia, considerarase por desistida a orde de reparación e empezará a acumular gastos por garda e custodia, de acordo coa contía que se sinala na alínea seguinte.

6. En tódolos casos nos que o vehículo quede depositado no taller, tanto para a elaboración dun orzamento como para levar a cabo unha reparación previamente aceptada, o taller entregarálle ó usuario un resguardo acreditativo do depósito do vehículo. Nos casos en que exista orzamento debidamente asinado polo taller e polo usuario, este fará as veces de resguardo do depósito.

7. No resguardo de depósito deberán constar, polo menos, os datos seguintes:

a) O número do taller no Rexistro Industrial ou, se é o caso, no Rexistro Especial correspondente, así como a súa identificación fiscal e o domicilio.

b) O nome e o domicilio do usuario.

c) A identificación do vehículo, con expresión de marca, modelo, matrícula e número de quilómetros contabilizados, así como se o depósito do vehículo se efectúa para a confección do orzamento ou para a súa reparación.

d) Descrición sucinta da reparación e/ou servizos que se van prestar, cos seus importes, se fosen coñecidos,

no caso de que o vehículo se entregase para a reparación.

e) No caso de que o vehículo se entregase para a confección do orzamento, descrición dos traballos que se levarán a cabo para o diagnóstico da avaría, así como o importe considerado deles, con referencia clara de que este importe será cobrado se a reparación non se lle encarga ó mesmo taller.

f) Data prevista de entrega, ben do orzamento solicitado, ben do vehículo reparado.

g) Data e sinatura do prestador do servizo.

8. A presentación do resguardo será necesaria tanto para recolle-lo orzamento como para retirar-lo vehículo.

No caso de perda do resguardo o usuario deberá identificarse, a plena satisfacción do taller.

9. O prazo de entrega, ben do orzamento solicitado, ben do vehículo reparado, deberá axustarse á data que consta no resguardo de depósito.

10. O usuario poderá desistir da reparación ou servizo contratado en calquera momento. Neste caso, aboalle ó taller o importe dos traballos realizados ata a retirada do vehículo, así como o importe dos repostos e materiais que fosen adquiridos especificamente para a reparación orzada.

#### Artigo 15º —Factura e gastos de estadía.

1. Tódolos talleres estarán obrigados a lle entregar ó cliente factura escrita, asinada e selada, debidamente desagregada e na que se especifique calquera tipo de cargos acreditados, as operacións realizadas, pezas ou elementos que se utilizaron e horas de traballo empregadas, sinalando para cada concepto o seu importe de acordo co que se indica nos artigos 12º e 14º deste decreto.

2. Cando unha reparación comporte a substitución de pezas o taller non poderá recargar cantidade ningunha sobre o prezo de venda ó público delas, salvo os impostos e gravames que sexan legalmente repercutibles. Para tal efecto o taller terá á disposición do cliente o albará ou factura acreditativa do prezo das pezas utilizadas na reparación.

3. Pola realización dunha reparación ou substitución de pezas non poderá cobrarse por man de obra cantidade ningunha que sexa consecuencia de emprego de tempo superior a un 20% do establecido para ela nas táboas de tempos de traballo das distintas marcas. Os talleres oficiais de marca só poderá facturar como tempo empregado na reparación ou substitución de pezas o previsto nas mencionadas táboas de tempos.

4. Nas reparacións non poderán cobrarse cantidades superiores ás que corresponderían se en lugar de proceder ó amaño da peza se realizase a súa substitución en caso de que esta fose posible.

5. Nas facturas deberán constar explicitamente, con letra de tamaño non inferior a 15 mm, a duración da garantía, así como as seguintes frases:

—«A garantía enténdese total, incluíndo man de obra, pezas substituídas, servizo de guindastre, desprazamento de operarios e impostos, e o seu cumprimento realizárase sen que caiba postergación».

—«A manipulación por terceiros das pezas garantidas invalida a garantía».

6. Poderán acreditarse gastos por estadía cando, comunicándolle ó usuario que xa se efectuou o orzamento ou reparación do vehículo, este deixe transcorrer máis de tres días hábiles sen pronunciarse sobre a aceptación do orzamento ou sen proceder á retirada do vehículo. En todo caso estes gastos de estadía só procederán cando o vehículo se atope en locais baixo custodia do taller e polos días que excedan do citado prazo. O seu importe diario fixarase segundo o que usualmente se aplique en garaxes ou aparcamentos da localidade, incrementados nun 20%. Estas condicións deben figurar claramente expostas no taller para coñecemento dos usuarios.

#### Artigo 16º —Garantías das reparacións.

1. Tódalas reparacións ou instalacións efectuadas en calquera taller quedarán garantidas, polo menos, nas condicións que establece este artigo.

2. A garantía que outorgue o taller caducará, como mínimo, ós tres meses ou ós 2.000 km percorridos, salvo se se trata de vehículos industriais, nos que caducará ós quince días ou ós 2.000 km; no caso de que as pezas incluídas na reparación teñan un prazo de garantía superior rexerá para elas o prazo de maior duración. O período de garantía computarase desde a data de entrega do vehículo e terá validez sempre que o vehículo non sexa manipulado ou reparado por terceiros. Para ciclomotores e motocicletas ata unha cilindrada de 125 cc incluída, a garantía será de 15 días.

3. A garantía entenderase total, é dicir, incluíndo os materiais aportados e a man de obra, e afectará ós gastos que se poidan ocasionar, tales como os de transporte que a reparación esixa, os de desprazamentos dos operarios que a efectuase, cando o vehículo avariado non poida desprazarse, o valor da man de obra e o material de calquera clase, así como a imposición fiscal que grave esa nova operación.

4. Producida unha nova avaría durante o período de garantía na parte ou partes reparadas, o taller garante, logo de comunicación do usuario, deberá reparar gratuitamente a dita avaría.

Con esta finalidade indicarlle ó usuario se a nova reparación será efectuada polo propio taller garante ou por outro taller que este autorice.

5. Cando o automóbil sufra unha avaría dentro do prazo de garantía que impeda a súa utilización, o cliente porase en contacto co taller e este poderá optar por algunha das seguintes posibilidades:

a) Comprometerse a realizar directamente a reparación. Para iso empregará só o tempo necesario para retirar-lo vehículo, proceder á súa inmediata reparación e, se así o solicitase o cliente, devolvelo ó lugar onde se atopaba.

b) Designar outro taller próximo ó vehículo avariado, onde deberá realizarse a reparación con carácter urgente. O taller garante quedará obrigado ó pagamento directo da factura de reparación en garantía, o cal non lle poderá ser esixido ó cliente.

c) Permitir que sexa o usuario do automóbil quen decida que taller, de entre os que se atopan máis próximos, será o que efectúe a reparación. En tal caso, será o cliente quen deba paga-la factura, o importe da cal lle será logo reintegrado polo taller garante.

6. A eventual aportación de pezas por parte do usuario para a reparación do seu vehículo non afectará en ningún caso a seguridade vial e, en todo caso, o taller que as instalou non estará obrigado a garantías.

7. O taller non se responsabilizará da avaría sobrevinda en relación coas reparacións anteriores efectuadas cando a deficiencia se derive da non aceptación por parte do usuario da reparación de anomalías ou de avarías ocultas previamente comunicadas conforme o previsto no artigo 14º 5, sempre e cando a necesidade de reparación e mala devandita falta de aceptación se fíxese constar na factura.

8. O taller quedará obrigado a devolverlle ó cliente de forma inmediata as cantidades percibidas en exceso sobre os prezos regulamentarios, sobre os anunciados ou sobre os orzamentos aceptados.

9. Cando da tramitación dun expediente se desprenda a existencia de negligencia ou fraude na calidade dos servizos realizados ou na aceptación de garantías, na súa resolución acordarase a expedición a favor do usuario de testemuño suficiente sobre os extremos que resulten oportunos para que o usuario, se así o desexa, deduzas accións que lle correspondan ante a xurisdicción competente.

10. O taller non poderá, baixo ningún concepto, utilizar para usos propios ou de terceiros ningún vehículo que fose deixado para reparalo ou orzado sen permiso explícito do propietario.

11. Só se admitirá a invalidez da garantía cando a manipulación ou reparación por terceiros afecte as partes do vehículo que se atopan en garantía.

12. Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no capítulo VIII da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, no que se regula o réxime de garantías e responsabilidades.

#### Artigo 17º —Reclamacións.

1. Tódolos talleres de reparación de vehículos automóbiles terán ó dispor dos seus clientes follas de reclamacións, conforme o modelo oficial establecido no anexo III deste decreto.

As follas de reclamacións seranlles facilitadas polas delegacións provinciais de Industria e Comercio ós talleres legalmente establecidos e ás asociacións provinciais de talleres de reparación de vehículos.

As citadas follas de reclamacións estarán integradas por un xogo unitario de impresos compostos por unha folla orixinal de cor branca, unha copia de cor rosa, outra de cor verde e outra de cor amarela.

O usuario fará constar na folla de reclamacións o seu nome, domicilio, número de DNI ou pasaporte, a súa relación co titular do vehículo, así como os demais datos ós que se refire o impreso, e expoñerá claramente os feitos motivo da reclamación, con expresión da data na que esta se formula.

O taller deberá cubri-los datos de identificación deste que constan nas follas de reclamacións. Unha vez expostos os motivos da reclamación do usuario, a folla de reclamacións poderá ser subscrita polo titular ou responsable do taller, quen poderá realizar cantas alegacións considere oportunas respecto do seu contido no lugar habilitado para iso.

O usuario remitiralle o orixinal da folla de reclamacións á delegación provincial de Industria e Comercio no prazo de un mes natural desde a data consignada nela, conservará a copia verde no seu poder e entregalle as copias rosa e amarela ó taller. Transcorrido o devandito prazo e non presentada a folla de reclamación, esta non será admitida a trámite.

O cliente xuntaralle ó orixinal da reclamación cantas probas ou documentos sirvan para mellor esclarecemento dos feitos, especialmente facturas, orzamentos ou recargos.

2. No caso de non existencia ou da negativa a facilitar as follas de reclamacións, o usuario poderá presentar a reclamación polo medio que considere máis adecuado.

3. As reclamacións formularanse perante a correspondente delegación provincial de Industria e Comercio, no prazo máximo de dous meses desde a entrega do vehículo ou desde a finalización da garantía. A devandita delegación provincial comunicarlle a queixa á empresa afectada, así como ás entidades do sector que se consideren oportunas e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que aleguen canto coiden conveniente.

Formuladas as alegacións ou transcorrido o prazo fixado para iso iniciárase, se procede, a tramitación do oportuno expediente de acordo coas disposicións vixentes en materia de defensa do consumidor, sen prexuízo das accións civís ou penais que correspondan.

O desistimento do usuario na reclamación implicará o seu arquivo, sen prexuízo da potestade da Administración para incoar expediente de oficio por calquera outra irregularidade que proceda.

4. Coa finalidade de posibilita-lo exacto coñecemento por parte do usuario dos dereitos e deberes que lle correspondan, os talleres terán á súa disposición unha copia perfectamente lexible deste decreto para a súa consulta.

## TÍTULO IV

## Infraccións e sancións

## Artigo 18º —Infraccións.

1. Para o efecto do disposto neste decreto, e sen prexuízo do establecido na devandita Lei 26/1984, do 19 de xullo, no Real decreto 1.945/1983, do 22 de xullo, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e no Estatuto galego do consumidor e usuario, aprobado pola Lei 12/1984, do 28 de decembro, considéranse infraccións específicas neste materia as seguintes:

- a) Toda substitución innecesaria de pezas que supoñan un incremento inxustificado de custos para o usuario ou unha posible degradación do vehículo, e a imposición ó usuario da adquisición de accesorios ou pezas complementarias non solicitadas.
- b) A utilización de pezas, elementos ou conxuntos usados sen autorización, inadecuados ou non marcados e/ou homologados, cando estes últimos requisitos sexan preceptivos, así como tamén a utilización ou uso de elementos, partes, accesorios ou líquidos de goberno do vehículo sen consentimento expreso do propietario deste.
- c) A realización de traballos non correspondentes á especialidade do taller.
- d) A negativa á realización do orzamento ou calquera tipo inxustificado de reticencia, retraso ou discriminación na admisión do vehículo por esixila realización deste.
- e) A existencia de cláusulas no resgardo, orzamentos, facturas e outros documentos emitidos polo taller, que se opoñan ó que establece este decreto e ó resto de disposicións vixentes nesta materia.
- f) A realización de orzamentos que non respondan na súa descrición ou valoración á realidade das avarías ou danos do vehículo.
- g) A entrega de facturas que non se axusten no seu contido ó que preceptúa o artigo 15º deste decreto.
- h) A expedición de facturas nas que conste a realización de traballos que non fosen realizados, a inclusión de recambios ou accesorios que non fosen aportados na reparación, así como o cobro por man de obra de prezos superiores ós anunciados e/ou orzados ou dun número de horas superiores ás empregadas ou o cobramento de recambios empregados a prezos superiores ou marxes comerciais en contía superior ós límites autorizados, establecidos ou declarados.
- i) O cobramento pola realización do orzamento de traballos en cantidades que non se axusten ó previsto no resgardo de depósito ou o cobramento do orzamento cando a reparación ou servizo se efectúe no mesmo taller.
- j) A negativa do taller a lle devolver ó cliente as cantidades percibidas en exceso sobre os prezos establecidos ou sobre os orzamentos aceptados.

k) A falta de follas de reclamacións ou a negativa a falcitalas.

l) A utilización do vehículo polo taller para asuntos propios sen autorización expresa do propietario.

m) A exhibición de referencia a marcas segundo o que establece o artigo 7º deste decreto.

n) O incumprimento das normas de garantía previstas neste decreto.

o) A negativa inxustificada do taller garante ó cumprimento das súas obrigacións.

p) E, en xeral, o incumprimento de calquera dos preceptos contidos na presente disposición e nas normas que a desenvolven será sancionado na forma que sexa procedente pola consellería competente da Xunta de Galicia.

2. As infraccións ás que se refire este artigo cualifícaranse como leves, graves ou moi graves de conformidade cos criterios establecidos no artigo 35 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, no Real decreto 1.945/1983, do 22 de xuño, e no Estatuto galego do consumidor e usuario.

## Artigo 19º —Sancións.

As infraccións ás que se refire este decreto serán sancionadas segundo o previsto no artigo 36 da Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e de acordo co que se determina na disposición derradeira primeira da Lei 12/1984, do 28 de decembro, pola que se aproba o Estatuto galego do consumidor e usuario.

## Disposicións adicionais

Primeira.—Queda prohibida a inclusión nos resgardos, orzamentos, facturas e outros documentos expedidos polo taller, de cláusulas que se opoñan ó establecido neste decreto e demais disposicións vixentes.

Segunda.—Sen prexuízo do que dispón este decreto, será de aplicación ás reclamacións sobre o servizo de talleres de reparación de vehículos automóbiles o sistema arbitral legalmente establecido.

Terceira.—A condición de responsable técnico obtida o abeiro do disposto na disposición transitoria do Decreto 19/1991, do 17 de xaneiro, polo que se regula a prestación de servizos dos talleres de reparación de vehículos, dos seus equipos e compoñentes, segundo a redacción dada a esta polo Decreto 180/1992, do 18 de xuño, poderá seguir exercéndose nos supostos de traslado da instalación dos ditos talleres.

Cando se instalen novos talleres ou se amplíen os existentes, o seu responsable técnico deberá te-la titulación referida no artigo 4º 2 b) deste decreto.

## Disposición derogatoria

Á entrada en vigor deste decreto quedan derogados expresamente o Decreto 19/1991, do 17 de xaneiro, polo que se regula a prestación dos servizos nos talleres de

reparación de vehículos, dos seus equipos e compoñentes, e mailo Decreto 180/1992, polo que se modifica a disposición transitoria do Decreto 19/1991, do 17 de xaneiro, agás no que se refire ás previsións contidas no apartado e) da dita disposición transitoria, que manterán a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 1995.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Industria e Comercio para dictar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.—Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de mil novecientos noventa e catro.

Manuel Fraga Inbarne  
Presidente

Antonio Couceiro Méndez  
Conselleiro de Industria e Comercio

### ANEXO I

#### Maquinaria

Equipamento mínimo necesario, segundo ramas de actividade e especialidades, para a inscrición dos talleres de reparación de vehículos automóbiles no Rexistro Industrial.

—Mecánica.

Utensilios e ferramentas de equipo, motor de caixa de cambios, de dirección, de eixes, rodas e freos.

Dispositivos para a medida da compresión.

Prensa hidráulica.

Guindastre ou aparello de elevación de ata 1.000 quilogramos.

Contarrevolucións de ata 6.000 rpm.

Trade portátil de ata 10 milímetros de diámetro.

Foxo ou elevador adecuado.

Gato hidráulico sobre carro.

Bancos de traballo e carros de transporte.

Xogos de utensilios, ferramentas manuais e material complementario.

Extractores de rodamentos, chaves dinamométricas.

—Electricidade.

Controlador de acendido.

Controlador de inducidos.

Cargador de baterías.

Soldador eléctrico.

Pesaácidos.

Aparello para comprobación de proxectores.

Banco de traballo e carros de transporte.

Xogos de utensilios, ferramentas manuais e material complementario.

—Carrocería.

Equipo completo para reparacións de chapa, entendéndose como tal o equipo especialmente concibido e construído para reparacións de chapa (estibador, banco con útiles auxiliares).

Equipo para soldadura eléctrica.

Equipo para soldadura autóxena, oxiacetilénica, argón e outros.

Equipo para soldaduras de puntos.

Moa eléctrica.

Pistola para aplicación de pasta dura.

Xogo de utensilios, ferramentas manuais, material complementario.

—Pintura.

Equipo de pintura a pistola.

Cabina ou recinto acondicionado para pintar.

Lixadora.

Pistola para aplicación de pastas duras.

Xogo de utensilios de pintura, espátulas e material complementario.

—Motocicletas.

Un compresor.

Un banco de traballo con torno.

Un comprobador de baterías e densímetro.

Un trade manual ou eléctrico de 0,12 milímetros.

Unha chave dinamométrica de 5 quilogramos.

Un xogo de brocas.

Cabaletes para fixar e levantar máquinas.

Unha tesoiras de chapa.

Un xogo de chaves fixas.

Un xogo de chaves de estrelas planas.

Un xogo de chaves de cóbados.

Un xogo de chaves de vaso articuladas.

Un mármore comprobador de superficies.

Un martelo bóla.

Un xogo de alicates prénsiles.

Un xogo de cortafríos.

Un arco serra de cortar metais.

Un xogo de desparafusadores: impacto, planos e de estrela.

Unha regra comprobadora de planos.

**Especialidades**

—Reparación de pneumáticos.

Un compresor de aire.

Un gato hidráulico.

Máquina para a reparación de cámaras.

Unha desmontadora automática de cubertas.

Unha máquina de equilibrar conxuntos de rodas.

Inflador de pneumáticos.

Martelos.

Chaves de cruz.

Cabaletes.

Cadro de ferramentas, chaves fixas, tubos e estrela.

—Reparación de radiadores.

Recipiente para comproba-las perdas dos radiadores.

Un banco de torno.

Unha moa.

Un xogo de sopretes de oxi-acetileno.

Un trade sobre banco.

Unha máquina dobradora de chapa.

Un sistema de aerosol para realiza-lo pintado dos radiadores.

Un compresor de aire para comproba-las perdas.

Un xogo de sopretes de gas natural ou butano para soldadura de estaño.

—Reparación de equipos de inxección.

Banco de probas segundo normas ISO.

Equipos de eliminación de gases.

Instalación de aire a presión.


Depósito de proba de estanquidade de bombas.

Lavadoiro de pezas fóra do recinto.

Chave dinamométrica ata 16 m/kg.

Comprobador de inxectores.

Utensilios de ensaio e reparación específicos para bombas e reguladores.

**ANEXO II****Modelo de placa distintiva**

Placa metálica, cadrada, de 480 milímetros de lado, cos seus catro vértices redondeados e fondo de cor azul.

Os símbolos que se indican son unha chave inglesa, unha frecha crebada, un martelo e unha pistola de pintar, en cor azul sobre fondo branco.

### ANEXO III

#### Folla de reclamación

a) Esta folla de reclamación é un medio que a Administración pon á disposición dos clientes dos talleres de reparación de vehículos automóbiles, co fin de que poidan formula-las súas queixas no mesmo lugar no que se produzan os feitos.

b) Para formula-la súa reclamación, o usuario poderá, durante un prazo de dous meses desde a entrada do vehículo ou da finalización, se é o caso, da garantía, solicitar do taller contratante do servizo a entrega dunha folla de reclamacións.

c) O usuario deberá facer consta-lo seu nome, domicilio, o número do documento nacional de identidade ou pasaporte, a súa relación co titular do vehículo, así como os demais datos ós que se refire o impreso, e expoñerá claramente os feitos motivo da queixa, con expresión da data na que esta se formule

d) O taller deberá cubrir-los datos de identificación del que constan na folla de reclamacións. Unha vez expostos os motivos de queixa do usuario, a folla de reclamacións poderá ser subscrita polo taller, que poderá realizar cantas consideracións coide oportunas respecto do seu contido no lugar habitado para iso.

e) O usuario remitirá-lle-lo orixinal da folla de reclamacións, no prazo máximo de un mes natural desde a data consignada nela, ás autoridades competentes en materia de consumo correspondentes ó lugar onde se atope situado o taller, conservará a copia verde no seu poder e entregará-lle as copias rosa e amarela ó taller.

f) Transcorrido un mes natural desde a data consignada na folla de reclamacións e non presentada esta, non será admitida a trámite.

g) O cliente xuntará ó orixinal da reclamación cantas probas ou documentos sirvan para mellor vulga-los feitos, especialmente facturas, orzamentos e resgardos.

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) Nomeamentos:

#### PARLAMENTO DE GALICIA

*Resolución do 1 de xullo de 1994 pola que se fai público o acordo do pleno do Parlamento relativo á elección dos membros do consello de administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.*

O Pleno do Parlamento, en sesión celebrada o día 1 de xullo de 1994, e co quorum dos dous tercios previstos no artigo 4.1º, da Lei 9/1984, do 11 de xullo, acordou elixir como membros do consello de administración da *Compañía de Radio-Televisión de Galicia*, as seguintes persoas:

Conde Cid, Alfredo Luis.  
García Suárez, Francisco.  
Iravedra Lestal, José Luis.

Jiménez Morán, Juan Manuel.

López Saco, Enrique.

Marqués de Magallanes, Adriano Antonio.

Navaza González, Teresa.

Ojea Ureña, José Elier.

Puy Muñóz, Francisco.

Tallón Maceira, Jesús.

Valle Chousa, Santiago del.

Villanueva Cendón, Manuel Ángel.

O que se publica para xeral coñecemento, e para os efectos establecidos nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da cámara.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 1994.

Victorino Núñez Rodríguez

Presidente do Parlamento de Galicia

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Acordo do 23 de xuño de 1994, da Comisión Permanente de Selección de Persoal para a cobertura de postos de traballo reservados a funcionarios, constituída ó amparo do Decreto 252/1992, do 30 de xullo, polo que se fan públicas as listas para a cobertura con carácter temporal dos devanditos postos correspondentes a funcionarios dos distintos grupos da escala de confrarías de pescadores da Xunta de Galicia.*

Rematado o prazo fixado pola resolución da Dirección Xeral da Función Pública, do 10 de novembro de 1993 (DOG nº 222, do 18 de novembro), de presentación de solicitudes para a elaboración das listas, para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo reservados a funcionarios nas relacións de postos de traballo, regulados polo Decreto 252/1992, do 30 de xullo, e a resolución anteriormente citada, e á vista das solicitudes presentadas para os distintos grupos de escala de confrarías de pescadores da Xunta de Galicia, a Comisión Permanente de Selección de Persoal, de conformidade co baremo establecido no artigo 12 do dito decreto,

#### ACORDA:

Primeiro.—Facer públicas as relacións dos solicitantes para a cobertura, con carácter temporal, de postos de traballo reservados a funcionarios dos distintos grupos da escala de confrarías de pescadores da Xunta de Galicia, da forma que a continuación se indica:

• Anexo I. Figuran os solicitantes incluídos nas listas.

Anexo II. Figuran os solicitantes excluídos con expresión da causa de exclusión.

Segundo.—Os citados anexos atópanse expostos nas seguintes dependencias:

—Dirección Xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

—Servicio de Información e Atención ó Cidadán da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

—Delegacións provinciais da Consellería da Presidencia e Administración Pública.